

Día de Rosalía  
2012



o 24 de febreiro celébranse 175 anos do nacemento da poeta

## Multiplícanse as actividades con ocasión do Día de Rosalía

A iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega chamando a celebrar o Día de Rosalía e a agallar no mesmo un libro e unha flor está a colleitar apoios por todo o país. O BNG e mais A Mesa pola normalización anunciaron xa o seu apoio á iniciativa, que conta cun blog dedicado á data. Entre outras propostas, anúncianse a celebración de lecturas públicas da obra da autora no Panteón de Galegos Ilustres, en Compostela, no Liceo de Ourense, na Galería Sargadelos de Ferrol, no IES Lucus Augusti de Lugo, no Kiosko Afonso da Coruña ou no Marco de Vigo, entre outros espazos.

A coincidir con esta data están a se coñecer as denuncias de varios patróns da Fundación Rosalía sobre a situación financeira desta entidade, segundo recolle hoxe La Voz de Galicia. Segundo eles, a Fundación ten débedas importantes tanto con construtores como con avogados. Este sector do padroado critica duramente a xestión de Helena Villar á fronte da entidade e o salario que, segundo eles, recibe a presidenta.